

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADOS DA DIFERENCIA DA DÉBEDA ESIXIDA EN RELACIÓN Á IMPOSICIÓN DE SANCIÓN TRIBUTARIA EN MATERIA DE CANON DA AUGA DERIVADA DO PROCEDIMENTO DE INSPECCIÓN DO CANON DA AUGA NOS PERÍODOS IMPOSITIVOS CORRESPONDENTES AO 2º SEMESTRE DE 2012 E AOS 1º, 2º E 3ª CUADRIMESTRES DOS ANOS 2013, 2014 E 2015 DE IGUAL XEITO NOS PERÍODOS DE DECLARACIÓN DO 1º, 2º E 3º CUADRIMESTRE DOS ANOS 2016, 2017, 2018 E 2019, EN BASE AO INFORME DO SERVIZO DE AUGAS.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 27-2022, por un importe total de 39.830,19 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivados da diferenza da débeda esixida en relación á imposición de sanción tributaria en materia de canon de auga derivada do procedemento de inspección do canon da auga nos períodos impositivos correspondentes ao 2º semestre de 2012 e aos 1º, 2º e 3ª cuatrimestres dos anos 2013, 2014 e 2015 de igual xeito nos períodos de declaración do 1º, 2º e 3º cuatrimestre dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019, en base ao informe do servizo de augas.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 1928/2022 de día 25.11.2022, así como RCMOD núm: 2022/81817 de día 22.11.2022, por importe total de 30.660,00 € e RCMOD núm.: 2022/81852 da mesma data, por importe total de 9.170,19 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 39.830,19 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
---	------------------	---	------------------

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac237111472442423935.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 27-2022 ATRIGA DIF. CANON AUGA- XUROS

15120.12002	30.660,00 €	16000.35200	33.394,15 €
15120.12100	9.170,19	16000.20900	6.436,04 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>39.830,19 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>39.830,19 €</b>

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.